



XUNTA DE GOBERNO

**SESION ORDINARIA DE VINTE E SEIS DE OUTUBRO DE DOUS MIL DEZAOITO
(ACTA NÚMERO 44)**

Presidente:

D. Argelio Fernández Queipo

Sres. Deputados:

D. Pablo Rivera Capón

D^a. M^a. del Pilar García Porto

D. Lino Rodríguez Onega

D^a. Sonsoles López Izquierdo

Secretario:

D. Manuel Castiñeira Castiñeira

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **vinde e seis de outubro de dous mil dezaoto**, baixo a Presidencia do Vicepresidente D. Argelio Fernández Queipo por ausencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. Darío Campos Conde, reúnense os Sres. Deputados á marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretario o Secretario-Interventor D. Manuel Castiñeira Castiñeira, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Non asisten o Ilmo. Sr. Presidente D. Darío Campos Conde e os señores Deputados D. Álvaro Santos Ramos, D^a. Mayra García Bermúdez e D. Eduardo Vidal Baamonde.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA DEZANOVE DE OUTUBRO DE DOUS MIL DEZAOITO.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día dezanove de outubro de dous mil dezaoto, que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE INSTRUCCIÓN PARA A APLICACIÓN DA LEI 9/2017 DO 8 DE NOVEMBRO, DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO (INSTRUCCIÓN Nº 2).

A Xunta de Goberno examina a Instrución de referencia que resulta do seguinte teor literal:

“Vistos os informes e antecedentes incorporados ao expediente e nomeadamente o do servizo de Contratación e Fomento, emítese a presente instrución:

I- A aplicación da LCSP, está plantexando en diversos aspectos, dúbidas propias de todo cambio lexislativo. Con este obxecto, a Xunta de Goberno da Excma. Deputación Provincial de Lugo, aprobou a Instrución nº 1 para a aplicación da LCSP, centrada no establecemento de determinacións para a tramitación de contratos menores polas diferentes unidades e dependencias da Deputación Provincial de Lugo

II- Compre recordar neste sentido, que o artigo 6 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, prevé que os órganos administrativos poderán dirixir as

actividades dos seus órganos xerarquicamente dependentes mediante instrucións e ordes de servizo (apartado 1º).

III- Continuando na liña iniciada a través do acordo da Xunta de Goberno de data 20 de abril do 2018 anteriormente mencionado, a través desta segunda instrución preténdese establecer outra serie de directrices para a correcta aplicación da LCSP na entidade provincial, e que se centrarán nos seguintes aspectos regulados por dita norma

A. Composición das mesas de contratación respecto dos procedementos nos que a Xunta de Goberno ten atribuídas competencias como órgano de contratación.

B. Presentación de ofertas e solicitudes de participación polos licitadores a través de medios electrónicos, nos procedementos nos que a Xunta de Goberno exerza competencias como órgano de contratación.

C. Racionalidade e consistencia da contratación.

D. Co obxecto de completar ás determinacións para a tramitación de contratos menores polas diferentes unidades e dependencias da Deputación Provincial de Lugo establecidas na Instrución nº1 aprobada por acordo da Xunta de Goberno de data 20 de abril do 2018, esta Instrución nº2 recolle un novo punto que se engadirá ás determinacións aprobadas naquela

A. COMPOSICIÓN DAS MESAS DE CONTRATACIÓN RESPECTO DOS PROCEDEMENTOS NOS QUE A XUNTA DE GOBERNO TEN ATRIBUÍDAS COMPETENCIAS COMO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN

1) A LCSP regula con carácter xeral no seu artigo 326, a composición e funcións das mesas de contratación, como órgano de asistencia técnica especializada dos órganos de contratación. Este artigo, segundo establece o apartado terceiro da Disposición Final Primeira da LCSP, non ten carácter de lexislación básica e polo tanto non sería de aplicación xeral a todas as Administracións Públicas e organismos e entidades dependentes de elas. A Disposición Adicional Segunda da mencionada lei establece, no seu apartado 7, unha regulación específica da

composición das mesas de contratación para as Entidades Locais. Por último, os artigos 21 e 22 do Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (en diante RD 817/2009), de vixente aplicación, exprésase en termos similares ao artigo 326 da LCSP, ampliando a regulación das mesas de contratación no que respecta á súa composición e funcionamento. Dado o seu carácter colexiado, resultan de aplicación ás mesas de contratacións das entidades locais ás previsións contidas nos artigos 15 a 18 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público

O apartado número 7 da Disposición Adicional Segunda da LCSP regula a composición das mesas de contratación no seguintes termos:

“A Mesa de contratación estará presidida por un membro da Corporación ou un funcionario da mesma, e formarán parte dela, como vogais, o Secretario ou, no seu caso, o titular do órgano que teña atribuída a función de asesoramento xurídico, e o Interventor, ou, no seu caso, o titular do órgano que teña atribuídas a función de control económico-orzamentario, así como aqueloutros que se designen polo órgano de contratación entre o persoal funcionario de carreira ou persoal laboral ao servizo da Corporación, ou membros electos da mesma, sen que o seu número, en total, sexa inferior a tres. Os membros electos que, no seu caso, formen parte da Mesa de contratación non poderán supoñer máis dun terzo do total de membros da mesma. Actuará como Secretario un funcionario da Corporación.

Nas Entidades locais municipais, mancomunidades e consorcios locais, poderán integrarse na Mesa persoal ao servizo das correspondentes Deputacións Provinciais ou Comunidades Autónomas uniprovinciais.

En ningún caso poderá formar parte das Mesas de contratación nin emitir informes de valoración das ofertas, persoal eventual. Poderá formar parte da Mesa persoal funcionario interino unicamente cando non existan funcionarios de carreira suficientemente cualificados e así se acredite no expediente.

A composición da Mesa publicárase no perfil de contratante do órgano de contratación correspondente. Poderanse constituír Mesas de Contratación permanentes”

Esta Disposición legal específica é compatible coa regulamentación contida nos artigos 21 e seguintes do RD 817/2009, que incrementa o número de persoas que deben formar parte da mesa de contratación ata catro vogais, como mínimo, un secretario e un presidente. De acordo co previsto na mencionada norma, todos os membros da mesa terán voz e voto, excepción feita do secretario que só terá voz

2) Con anterioridade á entrada en vigor da LCSP, a Xunta de Goberno da Excma. Deputación provincial de Lugo, adoptou, con data 28 de marzo de 2014, entre outros o seguinte acordo:

“1º.- Determínase, ao abeiro da D.A. 2ª do TRLCSP, en relación do art. 21 do o RD 817/2009, do 8 de maio, que a composición xenérica das mesas de contratación para intervir en todos os procedementos de contratación abertos e restrinxidos e negociados con publicidade, así como nos negociados sen publicidade, de competencia desta Xunta de Goberno, será a seguinte:

PRESIDENTE:

O xefe do servizo de contratación e fomento.

VOGAIS:

- 1.- O Secretario Xeral desta Deputación Provincial.*
- 2.- A Interventora Xeral desta Deputación Provincial.*
- 3.- Un funcionario/a do Grupo A1, da asesoría xurídica.*
- 4.- Un funcionario/a integrado no servizo, sección ou unidade que propoña o expediente de contratación.*

SECRETARIO, con voz e sen voto:

Un funcionario/a do Grupo A1, do servizo de contratación e fomento.

2º.- O órgano de contratación en cada prego de cláusulas económico-administrativas, determinará os funcionarios suplentes, que compoñerán a mesa de contratación, así como a procedencia de incorporar outros funcionarios ou asesores especializados que se entendan necesarios, segundo a natureza dos expedientes, o seu obxecto e modalidade, etc, os cales actuarán con voz pero sen voto; canto antecede sen merma de que a propia mesa pida informes técnicos específicos para mostrar e manifestar a súa posición.

3º.- A Xunta de Goberno para os expedientes de contratación administrativa que resulte competente establece, consonte ao establecido no Art. 21 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, as seguintes directrices de publicidade, accesibilidade e transparencia:

1.- A composición permanente da mesa de contratación publícase no BOP e no perfil do contratante desta Entidade Provincial. Os suplentes, así como os integrantes non permanentes, para determinados expedientes ao igual que os asesores serán dados a coñecer no mesmo perfil do contratante.

2.- Publicarase no perfil do contratante de forma accesible e estruturada, a seguinte información:

-Tódolos contratos con indicación do seu obxecto, duración, o importe de licitación e de adxudicación, o procedemento empregado para a súa celebración, mecanismos de publicidade do mesmo, número de licitadores participantes no procedemento e identidade do adxudicatario, así como as modificacións do contrato.

- As decisións de desestimento e renuncia dos contratos.

- As sesións das mesas de contratación serán públicas, anunciándose a súa convocatoria a través do perfil do contratante, ademáis das notificacións individuais que procedan.

- O cadro comparativo das ofertas económicas.

- A puntuación obtida por cada oferta, detallando a outorgada para cada un dos criterios de valoración.

- O resumo da motivación da valoración obtida.



- As cesións de contrato ou a subcontratación, identificando aos cesionarios e subcontratistas, xunto coas razóns que xustifican tal decisión e as condicións dos acordos acadados entre o contratista e aqueles.

3.- Non procederá a divulgación da información facilitada polos operadores económicos que estes designasen como confidencial. Esta información inclúe, en particular, os segredos técnicos ou comerciais e os aspectos confidenciais das ofertas. Así mesmo, poderá non publicarse aquela información relativa á adxudicación do contrato en caso de que a súa divulgación constitúa un obstáculo para aplicar a lexislación, sexa contraria ao interese público ou prexudique os intereses comerciais lexítimos dos operadores económicos públicos ou privados, ou poida prexudicar a competencia leal entre eles, debendo motivarse a concorrencia destas circunstancias en cada caso.

4º.- Cada grupo político provincial poderá designar un representante para asistir ás mesas de contratación, precisando a condición na que asiste das que se indican de seguido:

- a) Sen voz e voto.*
- b) Con voz e sen voto.*
- c) Con voz e con voto ”*

Este acordo da Xunta de Goberno, dado o carácter permanente da mesa, foi obxecto de publicación no BOP de Lugo número 097 de data 29 de abril do 2014.

3) As mesas de contratación que veñen funcionando no ente provincial xa cumpren co perfil técnico establecido no artigo 326 en relación coa disposición adicional segunda, apartado 7º da LCSP, ampliando o número mínimo de membros que deben formar parte da mesma e incorporando algunha das previsións contidas nos artigos 21 e 22 do RD 817/2009.

4) Non obstante ao anterior, e atendendo ás novas previsións e limitacións establecidas pola LCSP respecto das persoas que poden formar parte das mesas de contratación, considérase oportuno proceder a unha revisión da composición das mesmas, en relación a aqueles procedementos nos que a Xunta de Goberno ten atribuídas competencias como órgano de

contratación de acordo co previsto no Regulamento Orgánico da Deputación de Lugo publicado no Boletín Oficial da Provincia (BOP) do 26 de xullo de 2018 e a Delegación de competencias da presidencia publicada no BOP do 27 de xullo de 2018.

Compre sinalar a este respecto que segundo a D.A. 2ª (apartado 7º) da LCSP non poden formar parte das mesas, nin emitir informes, o persoal eventual e soamente poden formar parte delas o persoal funcionario interino, unicamente cando non existan funcionarios de carreira suficientemente capacitados e así se acredite no expediente. De acordo co sinalado no informe 3/2018 (expediente 3/2018), da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Estado, os informes de valoración das proposicións poderán ser emitidos polas persoas que participasen na redacción da documentación técnica do contrato.

5) A nova composición das mesas de contratación que se pretende regular na presente instrución, respecta o carácter plural de dito órgano resultante do acordo da Xunta de Goberno do 28 de marzo do 2014, e, en consecuencia, mantense a ampliación do número mínimo de membros previsto na D.A. segunda da LCSP. Mantense tamén a posibilidade de que en cada expediente de contratación o propio órgano contratante poderá determinar a incorporación doutros funcionarios ou asesores especializados que se entendan necesarios, segundo a natureza dos expedientes, o seu obxecto e modalidade, etc., os cales actuarán con voz pero sen voto, sen merma de que a propia mesa pida informes técnicos específicos para mostrar e manifestar a súa posición. En relación a esta cuestión, incorpórase como novidade a posibilidade de que as Mesas de contratación poidan, así mesmo, solicitar o asesoramento de técnicos ou expertos independentes con coñecementos acreditados nas materias relacionadas co obxecto do contrato. Dita asistencia deberá ser autorizada polo órgano de contratación e deberá ser reflectida expresamente no expediente, con referencia ás identidades dos técnicos ou expertos asistentes, a súa formación e a súa experiencia profesional

A permanencia e estabilidade da composición das mesas de contratación é compatible co establecemento dun sistema de rotación dos vogais da mesa cuxa presenza non é obrigatoria de acordo co previsto no apartado 7º DA 2ª da LCSP, o que garante a especialización, profesionalización e obxectividade, e reforza os principios de transparencia, eficacia e eficiencia no gasto público, sen mengua da incorporación de expertos integrados na Asesoría Xurídica da

entidade provincial, conforme ao desenvolvemento da Relación de Postos de Traballo da Deputación Provincial de Lugo publicada no BOP de Lugo nº190 con data 10 de agosto do 2018.

Na composición actual das mesas de contratación resultante do acordo da Xunta de Goberno do 28 de marzo do 2014, este sistema rotatorio, aplicábase unicamente ao funcionario/a vogal da mesa integrado no servizo, sección ou unidade que propoña o expediente de contratación. A nova composición das mesas de contratación pretende estender, de xeito transitorio, este sistema rotatorio ao outro vogal da mesa de presenza non obrigatoria, de tal xeito que poidan formar parte das mesas de contratación outros empregados públicos da entidade provincial que cumpran cos requisitos previstos no apartado 7 da D.A. 2ª da LCSP. Non obstante o anterior, este vogal da mesa distinto do integrado no servizo, sección ou unidade que propón o expediente, unha vez desenvolta a Relación de Postos de Traballo da Deputación Provincial de Lugo publicada no BOP de Lugo nº190 con data 10 de agosto do 2018, na que se contempla a existencia, dentro da Asesoría Xurídica, dun Departamento Consultivo de Contratación, será substituído pola persoa que ocupe o posto de traballo de letrado con funcións en materia de contratación.

En relación con esta cuestión, e co obxecto de favorecer a participación nas mesas de contratación do maior número posible de persoal da entidade provincial que cumpra cos requisitos sinalados polo apartado 7 da D.A. 2ª da LCSP , así como incrementar os niveis de obxectividade e transparencia, establécese a posibilidade de que con carácter non preferente, os vogais de presenza non obrigatoria, poidan ser designados tamén polo órgano de contratación, non só entre o persoal funcionario de carreira, senón tamén entre o persoal laboral fixo da entidade provincial. No caso do vogal non integrado no servizo, sección ou unidade que propoña o expediente de contratación, poderá ser nomeado entre o persoal funcionario de carreira pertencente aos subgrupos A1 e A2 ou entre o persoal laboral fixo da entidade provincial pertencente aos grupos de clasificación A ou B segundo o previsto ao efecto para o persoal laboral polo artigo 6.2 do vixente Regulamento de acceso, carreira e provisión de postos da Deputación Provincial de Lugo (BOP 30-09-2006). A incorporación, no seu caso, de persoal laboral fixo, será xustificada en cada procedemento de contratación.

Introdúcese tamén a posibilidade de que, con carácter excepcional, naquelas prestacións que se realizan a través do sistema de cooperación interadministrativa cos concellos e nos que a

Xunta de Goberno da entidade provincial exerza funcións como órgano de contratación, poidan formar parte das mesas de contratación como vogais, persoal funcionario de carreira ou laboral fixo que presten servizos nos concellos que participen en ditas prestacións. Neste caso, non operará para estes vogais a limitación relativa aos subgrupos A1 e A2 ou categoría profesional equivalente.

Por último, en cumprimento do previsto no artigo 51, apartado d), da Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, e, en aplicación do principio de igualdade entre mulleres e homes, na nova composición das mesas promoverase a presenza equilibrada de mulleres e homes. A Disposición adicional primeira de dita lei sinala que aos efectos da mesma, entenderase por composición equilibrada a presenza de mulleres e homes de forma que, no conxunto ao que se refira, as persoas de cada sexo non superen o sesenta por cento nin sexan menos do corenta por cento.

No que respecta ao Presidente e ao Secretario/a da mesa, mantense a composición resultante do acordo da Xunta de Goberno do 28 de marzo do 2014, introducíndose unha nova regulación no que respecta ao Secretario/a, xa que se se mantén que será un funcionario do servizo de contratación e fomento, pero faise constar expresamente que “preferentemente” será do subgrupo A1 ou A2, o que non exclúe a posibilidade de que o secretario/a da mesa, pertenza a outros grupos de clasificación profesional diferentes, por razóns de eficacia administrativa.

Prevese tamén a posibilidade, como así o recolle o apartado 7 da D.A. 2ª da LCSP, de que formen parte das mesas funcionarios interinos unicamente cando non existan funcionarios de carreira suficientemente cualificados e así se acredite no expediente. En ningún caso poderán formar parte das Mesas de contratación nin emitir informes de valoración das ofertas, persoal eventual.

Mantense da composición anterior, a opción de que cada grupo político provincial poida designar un representante para asistir ás mesas de contratación precisando a condición na que asiste. No caso de que como consecuencia de ditas designacións se supere o número máximo de membros electos que poden formar parte das mesas de contratación, e que segundo o previsto polo apartado 7º DA 2ª da LCSP establécese nun tercio do total de membros das mesmas, realizaranse as modificacións oportunas na súa composición para dar cumprimento a este extremo.

En todo caso, para cada procedemento, os vogais de presenza non obrigatoria e o secretario/a da mesa serán designados polo órgano de contratación con ocasión da aprobación do correspondente prego de cláusulas administrativas particulares, establecéndose tamén en dito prego a designación dos membros suplentes que compoñerán a mesa de contratación. En canto aos vogais de presenza non permanente, fornecerase a presenza rotatoria, en función da especialización, do conxunto de persoal empregado da Deputación de Lugo que cumpra os parámetros de estabilidade e grupo e subgrupo de pertenza (A1 ou A2) con preferencia para os empregados públicos funcionarios.

B. PRESENTACIÓN DE OFERTAS E SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN POLOS LICITADORES A TRAVÉS DE MEDIOS ELECTRÓNICOS, NOS PROCEDEMENTOS NOS QUE A XUNTA DE GOBERNO EXERZA COMPETENCIAS COMO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN

1) Outra das novidades máis significativas da LCSP é a relativa á presentación de ofertas e solicitudes de participación nos procedementos de adjudicación dos contratos mediante o emprego de medios electrónicos., cuestión esta que se regula na Disposición adicional decimoquinta de Lei no seus apartados 3 e 4.

2) Sobre este particular, existen algúns pronunciamentos da Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado como dos Tribunais Administrativos de Recursos Contractuais e un intenso debate doutrinal que inciden na necesidade de articular a licitación electrónica, singularmente e cando menos na -presentación de ofertas e solicitudes de participación por parte dos licitadores.

3) É obxecto da presente instrución, determinar a inclusión nos pregos de cláusulas administrativas particulares do emprego de medios electrónicos para a presentación de ofertas e solicitudes de participación por parte dos licitadores nos procedementos de contratación nos que a Xunta de Goberno ten atribuídas competencias como órgano de contratación así como tamén establecer, de acordo co informe do Servizo de Novas Tecnoloxías emitido ao efecto, a plataforma tecnolóxica que se empregará para dar cumprimento ao previsto na citada Disposición Adicional decimoquinta da LCSP. Este será o sistema habitual de presentación de ofertas e solicitudes

de participación que se poderá excepcionar naqueles supostos previstos na propia LCSP. Transitoriamente, os pregos de cláusulas administrativas particulares, poderán prever, en función do tipo de prestación obxecto de contratación, que o emprego de medios non electrónicos para a presentación de ofertas e solicitudes de participación non constitúa causa de inadmisión ás licitacións, cando esta circunstancia supoña unha barreira insalvable de acceso as licitacións para as microempresas (segundo a definición contida no artigos 2.3 do Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión), extremo que deberá ser xustificado adecuadamente polos licitadores interesados en participar nos procedementos de contratación que corresponda.

Co obxecto de facilitar aos licitadores interesados en participar nos procedementos de contratación nos que a Xunta de Goberno figure como órgano de contratación, a presentación das súas ofertas e solicitudes de participación por medios electrónicos, contéplase para cada licitación a tramitar, articulada a través do propio prego de cláusulas administrativas, a realización dunha breve sesión explicativa na data concreta que se determina, relativa ao o funcionamento da plataforma que se empregará para dita presentación de oferta: sesión aberta e publicitada para todos os interesados na respectiva licitación.

Como complemento ao anterior, postúlase tamén a posibilidade de realizar nas instalacións da entidade provincial, accións formativas de carácter xeral sobre esta cuestión, dirixidas a todo o público interesado, cando menos, durante os primeiros meses deste sistema de presentación de ofertas por medios electrónicos.

C. RACIONALIDADE E CONSISTENCIA DA CONTRATACIÓN

1) A LCSP introduce cambios notables na regulación da contratación do Sector Público, sendo un elemento moi importante da súa regulación a implementación da contratación pública estratéxica.

A este respecto, o artigo 28 da LCSP *“Necesidade e idoneidade do Contrato e eficiencia na contratación”* estipula que:

“1. As entidades do Sector Público non poderán celebrar outros contratos que aqueles que sexan necesarios para o cumprimento e realización dos seus fins institucionais. A tal efecto a natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas, cando se adxudique por un procedemento aberto, restrinxido ou negociado sen publicidade, deben ser determinadas con precisión, deixando constancia delo na documentación preparatoria, antes de iniciar o procedemento encamiñado á súa adxudicación.

2. As entidades do Sector Público velarán pola eficiencia e o mantemento dos termos acordados na execución dos procesos de contratación pública, favorecerán a axilización de trámites, valorarán a incorporación de consideracións sociais, medioambientais e de innovación como aspectos positivos nos procedementos de contratación pública e promoverán a participación da pequena e mediana empresa e o acceso sen custo á información, nos termos previstos na presente Lei.

3. De acordo cos principios de necesidade, idoneidade e eficiencia establecidos neste artigo, as entidades do Sector Público poderán, previo cumprimento dos requisitos legalmente establecidos, celebrar contratos derivados de proxectos promovidos pola iniciativa privada, en particular con respecto ós contratos de concesión de obras e concesión de servizos, incluídos na súa modalidade de sociedade de economía mixta.

4. As entidades do Sector Público programarán a actividade de contratación pública, que desenvolverán nun exercicio orzamentario ou períodos plurianuais e darán a coñecer o seu plan de contratación anticipadamente mediante un anuncio de información previa previsto no artigo 134 que ó menos recolla aqueles contratos que quedarán suxeitos a unha regulación harmonizada.”

A programación da contratación convértese nunha das ideas centrais da nova contratación, que profundiza nos instrumentos de racionalización técnica da mesma (artigo 218 LCSP)

2) A través da presente instrución, preténdese establecer unha serie de determinacións para os diferentes servizos, seccións ou unidades da entidade provincial co obxecto de dar

cumprimento as obrigas que impón ás entidades do sector público o artigo 28 da LCSP, en particular no que respecta ao seu apartado 4, relativo á programación da actividade de contratación pública e a publicidade do Plan de Contratación.

E. DETERMINACIÓNS PARA A TRAMITACIÓN DE CONTRATOS MENORES.

1) Tal e como se apuntou, a través desta instrución engádese un novo punto 4 ás determinacións para a tramitación dos contratos menores recollidas na INSTRUCCIÓN Nº1 PARA A APLICACIÓN DA LEI 9/2017, DO 8 DE NOVIEMBRE, DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO, aprobada pola Xunta de Goberno con data 20 de abril do 2018, co obxecto de determinar que nos contratos menores con valor estimado inferior ou igual a 500, 00 €, non será preciso aportar tres ofertas para a súa tramitación. A estes efectos tense en conta o disposto no punto nº 17 das bases de execución do orzamento xeral da deputación provincial de Lugo para 2018, onde se establece que a tramitación de gastos que pola súa contía deban considerarse contratos menores, adecuaranse, con carácter xeral, a unha serie de criterios, entre os que se atopa o de procurar aportar no expediente a consulta, como mínimo, a tres posibles contratistas e a incorporación ao expediente, das ofertas realizadas por cada un deles, que servirán de base para a proposta de selección, que deberá ser motivada. Motívase esta determinación por razóns de eficacia administrativa e de conformidade coas opinións trasladadas a este servizo por parte dos distintos centros xestores.

Por canto antecede, PROPOÑO Á XUNTA DE GOBERNO:

PRIMEIRO. Efectuar as seguintes determinacións en relación á composición das mesas de contratación respecto dos procedementos nos que a Xunta de Goberno ten atribuídas competencias como órgano de contratación

1ª.- Deixar sen efecto o acordo da Xunta de Goberno do 28 de marzo do 2014 no que respecta aos seus apartados 1,2 e 4 relativos á composición xenérica das mesas de contratación nos procedementos nos que esta Xunta de Goberno ten atribuídas competencias como órgano de contratación.

2ª.- Determinar, ao abeiro do apartado 7 da D.A. 2ª da LCSP, en relación co artigo 326 de dita lei e o artigo 21 do RD 817/2009, que a composición xenérica das mesas de contratación para intervir en todos os procedementos de contratación abertos, abertos simplificados, abertos “*supersimplificados*” (art. 159.6 da LCSP), restrinxidos, de diálogo competitivo, de licitación con negociación e de asociación para a innovación e negociados con e sen publicidade, de competencia desta Xunta de Goberno, será a seguinte:

PRESIDENTE:

A persoa que exerza a titularidade da xefatura do Servizo de Contratación e Fomento.

VOGAIS:

1.- A persoa que exerza a titularidade da Secretaría Xeral

2.- A persoa que exerza a titularidade da Intervención Xeral desta Deputación Provincial.

3.- Un funcionario/a ou persoal laboral fixo integrado no servizo, sección ou unidade que propoña o expediente de contratación. A incorporación, de ser o caso, de persoal laboral fixo, será xustificada en cada procedemento de contratación.

4.- Un funcionario/a do Grupo A, Subgrupo A1 ou A2 ou persoal laboral fixo do grupo A ou B segundo o previsto ao efecto para o persoal laboral polo artigo 6.2 do vixente Regulamento de acceso, carreira e provisión de postos da Deputación Provincial de Lugo, de calquera servizo, sección ou unidade da Deputación Provincial de Lugo. A incorporación, de ser o caso, de persoal laboral fixo, será xustificada en cada procedemento de contratación. Fornecerase a presenza rotatoria, en función da especialización, deste persoal. Non obstante ao anterior este vogal da mesa, unha vez desenvolva a Relación de Postos de Traballo da Deputación Provincial de Lugo publicada no BOP de Lugo nº190 con data 10 de agosto do 2018, na que se contempla a existencia, dentro da Asesoría Xurídica, dun Departamento Consultivo de Contratación, será substituído pola persoa que ocupe o posto de traballo de letrado con funcións en materia de contratación.

Con carácter excepcional, naquelas prestacións que se realizan a través do sistema de cooperación interadministrativa cos concellos e nos que a Xunta de Goberno da entidade provincial exerza funcións como órgano de contratación, poderán formar parte das mesas de contratación, un vogal máis, nomeado entre o persoal funcionario ou laboral fixo que presten servizos nos concellos que participen nos correspondentes expedientes de contratación, pertencentes a calquera grupo profesional.

SECRETARIO, con voz e sen voto:

Un funcionario/a do servizo de contratación e fomento, preferentemente do Grupo A, Subgrupo A1 ou A2.

Poderán formar parte das mesas de contratación funcionarios interinos unicamente cando non existan funcionarios de carreira suficientemente cualificados e así se acredite no expediente. En ningún caso poderán formar parte das Mesas de contratación nin emitir informes de valoración das ofertas, persoal eventual.

3ª.- O órgano de contratación en cada prego de cláusulas administrativas particulares, determinará:

a) O persoal funcionario (preferente) ou laboral fixo que actuará como suplente dos membros titulares da mesa de contratación.

b) A procedencia de incorporar outros funcionarios ou asesores especializados que se entendan necesarios, segundo a natureza dos expedientes, o seu obxecto e modalidade, etc, os cales actuarán con voz pero sen voto; canto antecede sen merma de que a propia mesa pida informes técnicos específicos para mostrar e manifestar a súa posición.

c) A posibilidade de que as Mesas de contratación poidan, así mesmo, solicitar o asesoramento de técnicos ou expertos independentes con coñecementos acreditados nas materias relacionadas co obxecto do contrato. Dita asistencia deberá ser autorizada polo órgano de

contratación e deberá ser reflectida expresamente no expediente, con referencia ás identidades dos técnicos ou expertos asistentes, a súa formación e a súa experiencia profesional.

4ª. Cada grupo político provincial poderá designar un representante para asistir ás mesas de contratación, precisando a condición na que asiste das que se indican de seguido:

- a) Sen voz e voto.
- a) Con voz e sen voto.
- b) Con voz e con voto

No caso de que como consecuencia de ditas designacións se supere o número máximo de membros electos que poden formar parte das mesas de contratación , e que segundo o previsto polo apartado 7º DA 2ª da LCSP establécese nun tercio do total de membros das mesmas, realizaranse as modificacións oportunas na súa composición para dar cumprimento a este extremo.

5ª. A composición permanente da mesa de contratación publicárase no BOP de Lugo e no perfil do contratante de contratante da Deputación de Lugo (Xunta de Goberno), aloxada na plataforma de contratos de sector público (www.contrataciondelestado.es). Os suplentes, así como os integrantes non permanentes, para determinados expedientes ao igual que os asesores, técnicos e expertos independentes serán dados a coñecer no mesmo perfil do contratante.

SEGUNDO. Efectuar as seguintes determinacións para o emprego de medios electrónicos na presentación de ofertas e solicitudes de participación por parte dos licitadores que concorran aos procedementos de contratación nos que a Xunta de Goberno ten atribuídas competencias como órgano de contratación:

1ª.- Con carácter xeral, a presentación de ofertas e solicitudes de participación por parte dos licitadores que concorran aos procedementos de contratación nos que a Xunta de Goberno ten atribuídas competencias como órgano de contratación, realizarase mediante o emprego de medios electrónicos. Non obstante ao anterior, non se esixirá o emprego de medios electrónicos no procedemento de presentación de ofertas, cando conorra algún dos casos previstos nos apartados 3 e 4 da Disposición Adicional decimoquinta da LCSP.

2ª.- Esta circunstancia reflectirase expresamente nos pregos de cláusulas administrativas particulares aprobados por esta Xunta de Goberno. En caso de que non se esixa o emprego de medios electrónicos por concorrer algunha das excepcións previstas pola LCSP, farase constar nos pregos e incorporase ao expediente un informe específico do órgano de contratación onde se indicarán as razóns polas que se considerara necesario empregar medios distintos dos electrónicos.

3ª.- Non obstante o anterior, e con carácter transitorio, os pregos de cláusulas administrativas particulares, poderán prever, en función do tipo de prestación obxecto de contratación, que o emprego de medios non electrónicos para a presentación de ofertas e solicitudes de participación non constitúa causa de inadmisión ás licitacións, cando esta circunstancia supoña unha barreira insalvable de acceso as licitacións para para as microempresas (segundo a definición contida no artigos 2.3 do Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión), extremo que deberá ser xustificado adecuadamente polos licitadores interesados en participar nos procedementos de contratación que corresponda.

4ª.- A presentación de ofertas e solicitudes de participación por parte dos licitadores empregando medios electrónicos se realizará a través dos instrumentos que ao efecto proporciona á Plataforma de Contratación do Sector Público, onde está aloxado o Perfil do Contratante desta Xunta de Goberno.

5ª.- Co obxecto de facilitar aos licitadores interesados en participar nos procedementos de contratación aprobados por esta Xunta de Goberno o emprego das ferramentas sinaladas no apartado anterior, prevese a posibilidade de incluír nos pregos de cláusulas administrativas particulares reitores de cada licitación, a realización dunha breve sesión explicativa na data concreta que se determina sobre o funcionamento de ditas ferramentas.

6ª.- Como complemento do previsto no apartado anterior, contéplase tamén a opción de realizar nas instalacións da entidade provincial, accións formativas de carácter xeral sobre esta cuestión, dirixidas a todo o público interesado, cando menos, durante os primeiros meses de aplicación deste sistema de presentación de ofertas por medios electrónicos.

TERCEIRO. Efectuar as seguintes determinacións para programar a contratación e elaborar o correspondente Plan de Contratación, así como racionalizar e velar pola eficiencia das contratacións realizadas por esta Deputación Provincial dando cumprimento ao previsto no artigo 28 da LCSP:

1ª.- Todos os servizos, seccións ou unidades da entidade provincial deberán remitir ao Servizo de Contratación e Fomento, antes do 30 de novembro de cada ano, un informe no que detallen a previsión dos contratos que sería preciso realizar para o correcto funcionamento do servizo, sección ou unidades, referidos á anualidade inmediatamente seguinte, en particular, aqueles referidos á prestacións de carácter repetitivo.

A remisión de dita documentación, na presente anualidade, poderá realizarse coa data límite do 31 de xaneiro do 2019.

2ª.- A modo informativo, recórdase, entre outra, a documentación a incorporar por parte dos servizos, seccións ou unidades da entidade provincial para cada un dos contratos distintos dos menores, que se pretenda iniciar:

a) Informe xustificativo da necesidade e idoneidade da contratación, e no caso de tratarse dun contrato de servizos, xustificarse ademais a insuficiencia de medios propios para a realización do seu obxecto.

b) Providencia de inicio asinada polo Deputado Delegado da Área correspondente.

c) De proceder, informe xustificativo da non división en lotes do obxecto do contrato.

d) Informe en relación á desagregación do orzamento base de licitación con indicación dos custes directos e indirectos e outros eventuais gastos calculados para a súa determinación, facendo constar expresamente que o orzamento base de licitación é axeitado aos prezos de mercado. Os contratos en que o custo dos salarios das persoas empregadas para a súa execución formen parte do prezo total do contrato, o orzamento base de licitación indicará de forma

desagregada e con desagregación de xénero e categoría profesional os custos salariais estimados a partir o convenio laboral de referencia.

e) Pregos de prescricións técnicas (no caso de contratos de obras, xuntarase así mesmo a documentación descrita no artigo 233 da LCSP).

CUARTO. Engadir un apartado 4º ás determinacións aprobadas para a tramitación dos contratos menores recollidas na *INSTRUCCIÓN Nº1 PARA A APLICACIÓN DA LEI 9/2017, DO 8 DE NOVIEMBRE, DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO (acordo da Xunta de Goberno de data 20 de abril do 2018)*, co seguinte tenor literal:

“(…)

4ª Nos contratos menores de valor estimado inferior ou igual a 500,00 €, non será obrigatorio aportar a consulta, como mínimo, a tres posibles contratistas e incorporar as ofertas realizadas por cada un deles, sendo suficiente para a tramitación que conste no expediente unha única oferta, sempre que se cumpran os demais requisitos sinalados nas determinacións precedentes.(…)”.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar as citadas instrucións para a aplicación da amentada Lei.

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DO CONTRATO ADMINISTRATIVO DE SERVIZOS PARA EXECUTAR AS PRESTACIÓNS NECESARIAS PARA O CORRECTO FUNCIONAMENTO DAS RUTAS FLUVIAIS NOS ENCOROS DE SANTO ESTEVO (RÍO SIL-EMBARCADOIRO DE DOADE) E OS PEARES (RÍO MIÑO-EMBARCADOIRO DE BELESAR-POBO), NA TEMPADA 2018.

Resultando que con data 12 de xaneiro de 2018 pola Xunta de Goberno foi aprobado o expediente de contratación, os Pregos de Cláusulas Administrativas e de Prescricións Técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto para os servizos para executar as prestacións necesarias para o correcto funcionamento das rutas fluviais nos encoros de Santo

Estevo (río Sil-Embarcadoiro de Doade) e Os Peares (río Miño-Embarcadoiro de Belesar-Pobo), na tempada 2018.

Resultando que con data 6 de abril de 2018 pola Xunta de Goberno, foi adxudicada a contratación de ditos servizos á empresa UTE HEMISFERIOS S.L.-NAVIERA ILLA DE ONS, por un importe de 498.848,36 €, aos que haberá que engadir 104.758,16€ en concepto de IVE (21%), o que ascende a un total de 603.606,52€. Con data 8 de maio de 2018, asinase o contrato administrativo desta licitación.

Tendo en conta que con data 22 de outubro o coordinador de Rutas Fluviais e responsable do contrato solicita que se proceda a realizar os trámites correspondentes para levar a cabo a prorroga deste contratación, proponendo as datas de prórroga contando coa conformidade do responsable da empresa.

Logo de ver os informes dos Servizos de Turismo, Coordinador responsable de Rutas Fluviais, Contratación e Fomento e de Intervención, así como a proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Modificar a contratación dos servizos necesarios para o correcto funcionamento das rutas fluviais nos encoros de Santo Estevo (Río Sil-Embarcadoiro de Doade) e Os Peares (río Miño-embarcadoiro de Belesar-Pobo), na tempada 2018 a empresa UTE HEMISFERIOS S.L.-NAVIERA ILLA DE ONS, aprobada por acordo da Xunta de Goberno de data 6 de abril de 2018, ampliando o prazo de execución para os días 1, 2, 3, 4, 9, 10, 11, 16, 17, 18, 23, 24, 25 e 30 de novembro e dende 1 ata 9 de decembro de 2018 por un importe de 21.917,86€ mais 4.602,75 euros en concepto de IVE deducible o que fai un total de 26.520,61€.

2º.- Aprobar o devandito gasto.

3º.- Presentar a empresa adxudicataria o resgardo acreditativo da garantía definitiva, por importe do 5% do prezo da modificación, excluído o IVE (1.095,89€), constituído de conformidade co disposto neste Prego (os avais bancarios e seguros de caución deberán presentarse verificados de

suficiencia pola Asesoría Xurídica desta Deputación Provincial), no prazo máximo de quince días, contados dende a data en que se notifique ao adxudicatario a resolución de modificación do contrato.

4º.- Publicar no sitio web desta Deputación no menú servizos-perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/ou> www.contrataciondelestado.es) e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 53 e 151.4 do TRLCSP.

5º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 156 do TRLCSP, á formalización en documento administrativo da modificación contractual.

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS PREGOS DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS E DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA “SUBMINISTRACIÓN DE FUNDENTES PARA O MANTEMENTO DA VIALIDADE INVERNAL NA REDE VIARIA PROVINCIAL DE LUGO: CAMPAÑAS 2018-2019 E 2019-2020”.

Logo de ver o expediente administrativo coa finalidade de proceder á contratación da subministración de fundentes para o mantemento da vialidade invernal na rede viaria provincial de Lugo. Campañas 2018-2019 e 2019-2020. Procede declarar deserto o procedemento con anuncio de licitación de data 8 de marzo de 2018, por non ter presentada ningunha oferta ao mesmo.

Os Pregos de Condicións elaborados para disciplinar a licitación e o contrato recollen as esixencias legais sinaladas e adáptanse á normativa aplicable. Recollen, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no artigo 122 da LCSP, en relación co punto 7 do artigo 67 do RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

O presente contrato adxudicarase mediante tramitación ordinaria, procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación), de acordo co establecido nos artigos 116.4.a) e 131.2 da LCSP como procedemento ordinario de adxudicación, nos termos do artigo 131 da citada lei, de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no

artigo 132 da LCSP e de conformidade coa aplicación dos criterios que se detallan para a determinación da mellor oferta e de acordo cos artigos 145 e 146 da LCSP.

Tendo en conta que o orzamento base de licitación ascende á cantidade de 121.600 euros, sobre os que se aplicará un IVE do 21%, 25.536 euros, o que fai un total de 147.136 euros, de conformidade coas seguintes anualidades:

Anualidade	Importe sen IVE	IVE (21%)	Importe con IVE
2018	30.400 euros	6.384 euros	36.784 euros
2019	60.800 euros	12.768 euros	73.568 euros
2020	30.400 euros	6.384 euros	36.784 euros
TOTAL	121.600 euros	25.536 euros	147.136 euros, IVE incluído

Tendo en conta os informes dos Servizos de Vías e Obras, Contratación e Fomento e de Intervención, así como a proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Aprobar a contratación da subministración de fundentes para o mantemento da vialidade invernal na rede viaria provincial de Lugo. Campañas 208-2019 e 2019-2020.

2º.- Aprobar os Pegos de Cláusulas Administrativas Particulares e Prescricións Técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior.

3º.- Aprobar o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da LCSP; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante desta Deputación Provincial (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es) e demais publicacións obrigatorias.

4º.- Aprobar o orzamento de licitación, que ascende a 121.600 euros, sobre os que se aplicará un IVE do 21%, 25.536 euros, o que fai un total de 147.136 euros.

O contrato financiarase de acordo ás seguintes anualidades:

Anualidade	Importe
2018	36.784 euros
2019	73.568 euros
2020	36.784 euros
TOTAL	147.136 euros, IVE incluído

Terceiro.- *Proposta relativa ao Convenio interadministrativo entre esta Excma. Deputación Provincial e o Concello de As Nogais coa finalidade común de colaborar en: “Reforzo do firme da estrada municipal 037-008 de Moral – As Fontes – A Pedriña”.*

Logo de ver que D. Jesús Manuel Núñez Díaz, Alcalde do Concello de As Nogais achega escrito de solicitude de relación interadministrativa (público-público), de data 15-10-2018 ao que acompaña declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias, da Seguridade Social e da Facenda Autonómica impostas polas disposicións vixentes así como de non ter débedas con esta Deputación en período executivo e proxecto para a realización conxunta entre esta Excma. Deputación Provincial e o Concello de As Nogais coa finalidade común de colaborar en: “Reforzo do firme da estrada municipal 037-008 de Moral – As Fontes – A Pedriña”, nas que conflúen os respectivos títulos competenciais, para satisfacer demandas veciñais de xeito eficiente. Na memoria explícanse os fins e obxectivos perseguidos con cada un dos investimentos que se articulan neste Convenio.

Logo de ver o expediente administrativo relativo a este Convenio que ten por obxecto establecer as bases da relación interadministrativa entre o Concello de As Nogais e esta Entidade Provincial en exercicio dunha competencia compartida, para acadar o obxectivo de executar os fins comúns anteriormente amentados, non constituíndo prestacións propias dos contratos, regulados na lexislación de contratos do sector público ou en normas administrativas especiais, para o que se comprometen a realizar os seguintes investimentos:

INVESTIMENTO:	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
REFORZO DO FIRME DA ESTRADA MUNICIPAL 037-008 DE MORAL – AS FONTES – A PEDRIÑA.	118.562,14€	0,00€
TOTAL	118.562,14€	

O Concello de As Nogais achegará os proxectos técnicos e, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución das obras, segundo proceda legalmente, así mesmo encargarse da dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran normativamente. O Concello aportará tódolos terreos precisos, permisos e autorizacións das obras ou actuacións, para a súa correcta execución e financiará o importe que reste, e resulte necesario para dar cumprimento ao fin común, e de interese público, perseguido; comprometéndose a recibir a obra, mantela e dar o servizo á veciñanza.

Tendo en conta que para a consecución do fin común perseguido por ambas administracións, sen vocación de mercado, que é a dotación aos veciños do Concello de As Nogais, da Provincia e da cidadanía en xeral das actuacións sinaladas, establécese esta relación bilateral de colaboración e cooperación guiadas unicamente por consideracións de interese público, nas que se inclúe a seguinte previsión de financiamento e compromisos:

ANUALIDADE	DEPUTACIÓN PROVINCIAL	CONCELLO DE AS NOGAIS
2018	118.562,14€	0,00€

O Concello de As Nogais: As obrigas de facer e no seu caso achegas relacionadas no Convenio interadministrativo.

Tendo en conta os informes dos Servizos de Contratación e Fomento e de Intervención, así como a proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Aprobar o texto do Convenio interadministrativo a subscribir entre esta Excma. Deputación Provincial e o Concello de As Nogais coa finalidade común de colaborar en: “Reforzo do firme da estrada municipal 037-008 de Moral – As Fontes – A Pedriña”, cun orzamento total de 118.562,14 euros.

2º.- Aprobar o gasto en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento das actuacións contempladas no Convenio, que ascende á contía máxima de

118.562,14 euros, con cargo ao vixente orzamento xeral desta Entidade Provincial para a anualidade 2018.

Cuarto.- *Proposta relativa ao Convenio interadministrativo entre esta Excm. Deputación Provincial e o Concello de Quiroga coa finalidade común de colaborar na “Reparación e mellora de camiños de accesos a núcleos de Vilanuide, San Martiño, Ferreira, Centeais, Montefurado, Aldea, O Ivedo, Vilaster, Chao da Casa, Bendollo, Paradapiñol, Cereixido, A Barca, Pacios da Serra, Penarrubias, Vergaza e Fisteus”.*

Logo de ver que D. Julio Álvarez Núñez, Alcalde do Concello de Quiroga achega escrito de solicitude de relación interadministrativa (público-público), de data 22 de outubro de 2018, ao que acompaña declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias, da Seguridade Social e da Facenda Autonómica impostas polas disposicións vixentes así como de non ter débedas con esta Deputación en período executivo e memoria para a realización conxunta entre esta Excm. Deputación Provincial e o Concello de Quiroga coa finalidade común de colaborar na “Reparación e mellora de camiños de accesos a núcleos de Vilanuide, San Martiño, Ferreira, Centeais, Montefurado, Aldea, O Ivedo, Vilaster, Chao da Casa, Bendollo, Paradapiñol, Cereixido, A Barca, Pacios da Serra, Penarrubias, Vergaza e Fisteus”, nas que conflúen os respectivos títulos competenciais, para satisfacer demandas veciñais de xeito eficiente. Na memoria explícanse os fins e obxectivos perseguidos con cada un dos investimentos que se articulan neste Convenio.

Este Convenio ten por obxecto establecer as bases da relación interadministrativa entre o Concello de Quiroga e esta Entidade Provincial en exercicio dunha competencia compartida, para acadar o obxectivo de executar os fins comúns anteriormente amentados, non constituíndo prestacións propias dos contratos, regulados na lexislación de contratos do sector público ou en normas administrativas especiais, para o que se comprometen a realizar os seguintes investimentos:

INVESTIMENTO:	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
REPARACIÓN E MELLORA DE CAMIÑOS DE ACCESOS A NÚCLEOS DE VILANUIDE, SAN MARTIÑO, FERREIRA, CENTEAIS, MONTEFURADO, ALDEA, O IVEDO, VILASTER, CHAO DA CASA, BENDOLLO, PARADAPIÑOL, CEREIXIDO, A BARCA, PACIOS DA SERRA, PENARRUBIAS, VERGAZA E FISTEUS	70.000,00€	0,00€
TOTAL	70.00,00€	

O Concello de Quiroga achegará os proxectos técnicos e, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución das obras, segundo proceda legalmente, así mesmo encargarse da dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran normativamente. O Concello aportará tódolos terreos precisos, permisos e autorizacións das obras ou actuacións, para a súa correcta execución e financiará o importe que reste, e resulte necesario para dar cumprimento ao fin común, e de interese público, perseguido; comprometéndose a recibir a obra, mantela e dar o servizo á veciñanza.

Tendo en conta que para a consecución do fin común perseguido por ambas administracións, sen vocación de mercado, que é a dotación aos veciños do Concello de Quiroga, da Provincia e da cidadanía en xeral das actuacións sinaladas, establécese esta relación bilateral de colaboración e cooperación guiadas unicamente por consideracións de interese público, nas que se inclúe a seguinte previsión de financiamento e compromisos:

ANUALIDADE	DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO	CONCELLO DE QUIROGA
2018	70.000,00€	0,00€

Concello de Quiroga: As obrigas de facer e no seu caso achegas relacionadas no Convenio interadministrativo.

Tendo en conta os informes dos Servizos de Contratación e Fomento e de Intervención, así como a proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Aprobar o texto do Convenio interadministrativo a subscribir entre esta Excma. Deputación Provincial e o Concello de Quiroga coa finalidade común de colaborar na “Reparación e mellora de camiños de accesos a núcleos de Vilanuide, San Martiño, Ferreira, Centeais, Montefurado, Aldea, O Ivedo, Vilaster, Chao da Casa, Bendollo, Paradapiñol, Cereixido, A Barca, Pacios da Serra, Penarrubias, Vergaza e Fisteus”, cun orzamento total de 70.000,00 euros.

2º.- Aprobar o gasto en concepto de achega económica, por parte desta Entidade Provincial, para o financiamento das actuacións contempladas no Convenio, que ascende á contía

máxima de 70.000,00 euros, con cargo ao vixente orzamento xeral da Deputación de Lugo para a anualidade 2018.

Quinto.- *Proposta relativa ao Convenio da subvención excepcional outorgada por esta Excma. Deputación Provincial á entidade Dezasete Grados S.L., co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados do proxecto denominado “Festival 17º Ribeira Sacra” na anualidade 2018.*

Logo de ver o expediente relativo ao Convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder á entidade “Dezasete Grados S.L.”, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados do proxecto denominado “Festival 17º Ribeira Sacra” durante a anualidade 2018, polo importe de 36.300,00 € co pagamento anticipado do 50% sobre o importe total subvencionado e dicir, 18.150,00 € con dispensa de garantía.

Tendo en conta o establecido no artigo 8 LXS e na base 24.2 das Bases de Execución do Orzamento 2018, esta proposta de subvención encaixa dentro da liña 5,1-c) "Turismo" que leva por título “Outras Actuacións Específicas” das recollidas, na Área de Turismo e Cultura (Servizo de Turismo) do PES desta Excma. Deputación Provincial 2017-2019.

Tendo en conta os informes dos Servizos de Contratación e Fomento, Turismo e Intervención, así como a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Turismo e Cultura, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Aprobar a excepcionalidade e outorgar unha subvención directa de carácter excepcional, por importe de 36.300,00 € a favor da entidade “Dezasete Grados S.L.”, para sufragar os gastos derivados da actuación denominada “Festival 17º Ribeira Sacra” subvención incluída na liña 5,1-c) "Turismo", que leva por título “Outras Actuacións Específicas” das recollidas na Área de Turismo e Cultura (Servizo de Turismo) do PES desta Entidade Provincial 2017-2019.

2º.- Aprobar o gasto de 36.300,00 € con cargo ao vixente orzamento desta Deputación Provincial para o ano 2018 a favor da entidade “Dezasete Grados S.L.”, para sufragar gastos derivados da actuación anteriormente amentada.

3º.- Aprobar o Convenio a través do que se instrumenta a citada subvención.

10.- PROPOSTA RELATIVA AO ARRENDAMENTO DO LOCAL OCUPADO POLO SERVIZO PROVINCIAL DE RECADACIÓN E XESTIÓN TRIBUTARIA.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor literal:

“Que se formula ante o inminente vencemento da prórroga do contrato de arrendamento do local que ocupa o Servizo Provincial de Recadación na calle Tui nº 5 desta cidade de Lugo que está previsto para o 28 de outubro de 2018 segundo o acordo da Xunta de Goberno do 21 de outubro de 2016 que determinou ampliar o prazo de prórroga do contrato ata que se poida desaloxar o inmovible por contar cos locais para reubicar o Servizo Recadación e Xestión Tributaria e, como máximo ata o 28 de outubro de 2018.

Para os efectos do cumprimento do citado acordo e proceder á reubicación do Servizo de Recadación dentro do citado prazo constan as seguintes actuacións:

- Acordo da Xunta de Goberno de 18 de agosto de 2017 polo que se aprobou o prego de cláusulas administrativas particulares, proxecto técnico, expediente de contratación e procedemento de adxudicación da obra LUGO-Adecuación dos Pavillóns 1 e 2 do Fogar de Santa María para uso administrativo. Tramitación urxente.

- Anuncio no BOP nº 193 de 23 de setembro de 2017 polo que se procedeu á apertura do prazo para a recepción de documentación no procedemento aberto, tramitación urxente, das citadas obras.

- Acordo da Xunta de Goberno de 15 de decembro de 2017 polo que se adxudicou a obra á mercantil Joca Ingeniería y Construcciones SA por un prazo de execución de 36 semanas. O contrato administrativo formalizouse o 22 de xaneiro de 2018.

- Informe técnico emitido polo director da obra, Pablo Rodríguez Fernández, en xullo de 2018, sobre os vicios ocultos revelados durante a execución das obras de adecuación dos pavillóns nº 1 e nº 2 do Fogar de Santa María e cuxa execución material aproximadamente comprenderá 7 meses.

- Informe externo do arquitecto técnico, enxeñeiro de edificación, Enrique Pellejero Fernández-Roel, de maio de 2018, relativo ao reforzo da estrutura dos citados pavillóns.

Non obstante, visto os referidos informes técnicos e o informe da Sección de Patrimonio, tendo en conta que o 28 de outubro de 2018, expira a ampliación da prórroga do contrato de arrendamento que se fixara por dous anos mais dende o 28 de outubro de 2016. (Xunta de Goberno de 21 de outubro de 2016). Chegado o dito término, as actuacións que se están a realizar para a reubicación do servizo provincial está determinada polo contido do informe técnico asinado en xullo de 2018 polo director da obra de adecuación dos pavillóns nº 1 e nº 2 do Fogar de Santa María para usos administrativos, Pablo Rodríguez Fernández, sobre os vicios ocultos revelados durante a execución das citadas obras de adecuación e cuxa e execución material estima aproximadamente nuns 7 meses.

Esta imprevisible situación, como indica o informe técnico, resulta da aparición de vicios ocultos estruturais. Como vicios ocultos unicamente puideron ser advertidos durante a execución das obras referidas e nunca anteriormente, razón pola que as accións indicadas para a súa reparación non puideron ser incluídas no proxecto de obras inicial.

Ante estas circunstancias resulta necesario para esta Institución adoptar unha decisión sobre a continuidade no actual local ocupado polo noso Servizo de Recadación.

No seu caso, para articular esta continuidade no contrato de arrendamento recádanse os seguintes elementos:

1. Esta solución, transitoria e provisional para esta Deputación, debe trasladarse á parte arrendadora do local na demanda da súa conformidade.

2. Como xa se indicara no informe xurídico emitido sobre anteriores prórrogas tratándose dun contrato privado os seus efectos rexesen pola lexislación de arrendamentos urbanos contida na Lei 29/1994 de 24 de novembro. Dita norma no seu artigo 4.3 en canto os dereitos e obrigas das partes permite que a duración do contrato e da prórroga quedan sometidas á vontade das partes e supletoriamente o Código Civil ao dispor o seguinte:

“3. Sin perjuicio de lo dispuesto en el apartado 1, los arrendamientos para uso distinto del de vivienda se rigen por la voluntad de las partes, en su defecto, por lo dispuesto en el título III de la presente ley y, supletoriamente, por lo dispuesto en el Código Civil”.

Non obstante, esta autonomía, polo que fai referencia a esta Deputación, debe de estar matizada pola necesaria defensa do interese público que esixe que, aínda sen existir un límite máximo a autonomía das partes en canto a duración das prórrogas, deban estas limitarse o tempo razoablemente necesario (...).

3. A aparición de acontecemento imprevisibles detectados na execución das obras de adecuación do edificio onde se pretende trasladar o servizo provincial resultan da propia definición de vicio oculto, que fixeron impredecible a situación ante a que nos encontramos. A súa envergadura non permiten que as obras adxudicadas por acordo da Xunta de Goberno de 15 de decembro de 2017 por un prazo de execución de 36 semanas rematen no seu tempo e nos sitúan ante a imposibilidade material e temporal de valorar outras alternativas.

Neste punto, sinálase a previsión que respecto da aparición de acontecementos imprevisibles realiza a normativa patrimonial que establecendo como procedemento ordinario para a adquisición de inmobles ou de dereitos sobre inmobles o concurso público, contempla excepcionalmente a adxudicación directa nos supostos do artigo 116 da Lei 33/2003, do réxime xurídico do patrimonio das administracións Públicas.

Ata o remate das obras de adecuación dos pavillóns nº 1 e nº 2 do Fogar de Santa María para o emprazamento dos nosos servizos provinciais e, como solución provisional e temporal, parece necesario para esta Institución continuar no actual local ocupado polo Servizo de Recadación ante a falta de outras opcións.

Para determinación do prazo durante o que o servizo continuará no local arrendado terase en conta que, ao prazo de execución material do proxecto sobre os vicios ocultos que comprende aproximadamente 7 meses, debe sumarse o tempo correspondente á súa xestión e tramitación administrativa e o tempo imputable á mudanza e ao traslado integral dos medios humanos e materiais que conforman o dito servizo provincial.

(...)

Así mesmo consta no expediente que existe consignación para dous anos na aplicación orzamentaria e orzamento de gastos que se sinala pola Intervención e tamén a relativa a dezaioito meses.

Polo exposto, en virtude das atribucións delegadas polo Presidente segundo Resolución publicada no BOP 171 de 27 de xullo de 2018, PROPONSE á Xunta de Goberno:

Primeiro. Ampliar o prazo de prórroga do contrato establecida por acordo da Xunta de Goberno na sesión celebrada o 21 de outubro de 2016 ata que se poida desalojar o inmovible por contar cos locais para reubicar o Servizo Recadación e Xestión Tributaria e, como máximo ata o 28 de abril de 2020, nas condicións fixadas no citado Acordo.

Segundo. No suposto de que a Deputación desista anticipadamente do contrato, a arrendadora non reclamará indemnización algunha, sempre que tal desestimento se comunique cunha antelación de dous meses. En todo caso devengarase a renda ata a data do efectivo desaloxo do inmovible e a entrega das chaves.

Terceiro. O prezo da prórroga total do contrato ascende a 58.675,50 euros I.V.E. incluído e se financiarán: 6.736,82 € na anualidade 2018; 39.117 € na anualidade 2019 e 12.821,68 € na anualidade 2020, supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira.

Existe consignación na aplicación orzamentaria 9320.202 do orzamento de gastos do 2018, pola cantidade de 6.736,82 € para a anualidade 2018.

A Deputación debe adquirir o compromiso, supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2019 a cantidade de 39.117 € e na anualidade 2020 a cantidade de 12.821,68 € na aplicación orzamentaria indicada.

Cuarto. Notificar o presente acordo a parte arrendadora do citado local.

Quinto. Que este acordo se formalice no correspondente contrato a solemnizar en documento administrativo”.

A Xunta de Goberno por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada.

11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS PLANS DE SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO.

Visto o Plan de Seguridade e Saúde da obra que se indica, presentado polo contratista adxudicatario, en cumprimento do disposto no artigo 7 do Real Decreto 1627/1997 do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción, e informe emitido polo director técnico da obra e polos servizos técnicos desta Excm. Deputación Provincial; así como a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Xestión Territorial, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Aprobar o Plan elaborado para a súa aplicación á obra que se relaciona.

2º.- Comunicar esta aprobación ao director técnico e contratista, para o seu cumprimento durante a execución da obra.

OBRA CUXO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE SE APROBA

Obra: Ejecución de diversas operaciones de conservación en la Red Viaria Provincial Zona 7: Caurel, Incio, Samos, Triacastela, Quiroga e Ribas do Sil.

Contratista: COMFICA Soluciones Integrales, S.L.

Coordinador de Seguridade e Saúde: David Grandío Moirón.

12.- PROPOSTA DE ADQUISICIÓN POR MUTUO ACORDO DE BENS E DEREITOS NECESARIOS PARA A REALIZACIÓN DA OBRA: FONSAGRADA.- ACONDICIONAMENTO LU-P-1901 “FONSAGRADA (LU-530)-NAVIA (LU722)”, P.K. 0,000 AO 4,350.

Resultando que en sesión celebrada pola Xunta de Goberno o día 25 de maio de 2018, foi aprobado regulamentariamente o proxecto técnico correspondente á obra FONSAGRADA.- Acondicionamento LU-P-1901 “Fonsagrada (LU-530)-Navia (LU-722)”, P.K. 0,000 Ao 4,350, incluído o plano parcelario e relación de bens e dereitos afectados e, asemade, foi requerida a iniciación do expediente expropiatorio a tramitar para a adquisición dos bens e dereitos necesarios para a execución da devandita obra.

Logo de ver a relación de bens e dereitos afectados para a execución da mencionada obra, e resultando que a adquisición de tales bens pode efectuarse por mutuo acordo a tenor do disposto no artigo 24 da Lei de Expropiación Forzosa, para a súa aplicación e o haber chegado a un acordo común entre as partes.

Tendo en conta os informes de Expropiacións e de Intervención, así como a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Xestión Territorial, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda.

1º.- Adquirir por mutuo acordo entre esta Administración e os afectados, pola obra : FONSAGRADA.- Acondicionamento LU-P-1901 “Fonsagrada (LU-530)-Navia (LU-722)”, P.K. 0,000 Ao 4,350, os bens que a continuación se reflicten:

Nº Parcela	Titular/Titulares	Importe
4	Benjamín Pérez Fernández	276,73 €
8	Manuel Gómez Álvarez	1.446,33 €
11	Benjamín Pérez Fernández	382,15 €
12	Nieves Pérez Pérez	604,00 €
14	Mª Lucita Álvarez Castelao	160,26 €
15	Mª Lucita Álvarez Castelao	735,93 €
16	Mª Lucita Álvarez Castelao	4.133,55 €
18	Manuel Gómez Álvarez	116,13 €
22	Mª Lucita Álvarez Castelao	1.882,45 €
33	Carmen López Fernández	1.184,97 €
35	Carmen López Fernández	798,13 €
40	Carmen López Fernández	4.367,85 €
44	José Fernández García	148,83 €
56	José Fernández Rodríguez	170,50 €
58	José Fernández García	110,97 €
69	José Fernández Rodríguez	113,91 €
72	José Fernández García	42,63 €
76	Carmen López Fernández	98,22 €
81	José Fernández Rodríguez	226,82 €
84	Carmen López Fernández	504,97 €
85	María Adela Gómez Fernández	767,22 €
87	José Fernández Rodríguez	355,53 €
89	Mercedes Álvarez Rancaño	147,40 €
99	José Fernández Rodríguez	240,17 €
101	José Fernández García	5.211,88 €
107	Mercedes Álvarez Rancaño	4.756,58 €
113	Gaspara Mera Álvarez e Juan Carlos López Mera	385,69 €
114	José María Álvarez Álvarez	5.898,95 €
121	Miguel Ángel Díaz López	154,35 €
122	Benedicto Méndez Fernández	3.249,52 €
125	José María Álvarez Álvarez	764,78 €
131	José María Álvarez Álvarez	540,38 €
134	Benedicto Méndez Fernández	171,05 €
135	Aurelia Ron Álvarez	580,02 €
138	Aurelia Ron Álvarez	1.454,88 €
139	Gaspara Mera Álvarez e Juan Carlos López Mera	2.638,14 €
145	José María Álvarez Álvarez	499,02 €
150	Constantino e Belisario Álvarez Muiña	1.544,39 €
151	Benedicto Méndez Fernández	435,33 €
154	Constantino e Belisario Álvarez Muiña	81,38 €
TOTAL:		47.381,99 €

2º.- Proceder ao pagamento dos mutuos acordos acadados e, posteriormente, ao levantamento de actas de ocupación, dando por concluída a adquisición dos bens arriba mencionados.



13- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN, SE PROCEDE, DE RENUNCIAS DE SUBVENCIONES DESTINADAS A ACTIVIDADES DE INTERESE CULTURAL, ANUALIDADE 2015.

Logo de ver os expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno desta Excm. Deputación Provincial, a proposta da Mesa Técnica, na sesión do día 4 de decembro de 2015, onde se resolveu o concurso convocado, segundo o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 282, do 9 de decembro de 2015, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2015; e vistas as renuncias presentadas polos beneficiarios que se indican a continuación, así como os informes do Servizo de Cultura, e a proposta da Sra. Deputada Delegada de Cultura, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

Aceptar as renuncias presentada polos beneficiarios que a continuación se relacionan polos importes que así mesmo se indican:

ENTIDADE	SUBVENCIÓN
ASOCIACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DE NEGUEIRA DE MUÑIZ	1.000,00
AA.VV. TORQUES DE MARZÁN	300,00
CENTRO CULTURAL JOSÉ DOMINGUEZ GUIZÁN DE BEGONTE	625,00
ASOCIACIÓN CULTURAL MUSICAL ARUME	800,00

14.- PROPOSTA DE DECLARACIÓN DE PERDA DO DEREITO AO COBRAMENTO TOTAL DE SUBVENCIONES DESTINADAS A ENTIDADES CULTURAIS DA PROVINCIA DE LUGO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS NA ANUALIDADE 2015.

Logo de ver os informes emitidos pola Área de Cultura e por Intervención, así como a proposta do Sra. Deputada Delegada de Cultura, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

Declarar a perda do dereito ao cobramento total das subvencións concedidas mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excm. Deputación Provincial, de data 4 de decembro de 2015,

polo que se resolve o concurso de subvencións destinadas para entidades culturais da provincia de Lugo, anualidade 2015, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm. 30 do 6 de febreiro de 2016, das asociacións que se detallan na táboa, polos importes sinalados:

Nº EXPTE	NOME ENTIDADE	NOME ACTIVIDADE
9.889	A.C. Escola de Baile e Gaitas O Castro	Concerto festival do Castro
9.938	A.C. Escola de Baile e Gaitas O Castro	Aluguer de material de música para xornada de formación e difusión da cultura e música popular galega 2015
10.462	Asoc. Cult. Campo da Feira	Viaxe cultural
10.643	Asociación Sociedade Labrega Campalgo	Actividades culturais de comprensión da historia agraria galega
10.675	Asoc. Juvenil Entre Lusco e Fusco	25 aniversario
10.862	Asociación Cultural A-Lindar	Proxecto: Cas Pastoriza (Xogos tradicionais, cinema e lectura)
10.891	ANPA APA Colegio Público de Cervo	Espectáculo A Tropa de Trapo
11.019	AAVV San Mateo de Vidal	Producción revista
11.068	Asc. Proxectos Globais de Inserción e Integración socio Laborais Alar Galicia	Congreso de Cultura, Tradición e Modernidade
11.080	Círculo Recreativo e Cultural de Chantada	Actividades Culturais
11.231	Asoc. Mujeres Entretejidas	Obradoiros culturais “Entretejidas”
11.235	Asoc. Mujeres Entretejidas	Recital poético musical Luas Feridas
11.506	Asociación Xuvenil Tempos Modernos de Cospeito	Actividades culturais 2015
12.234	Asociación Amas de Casa Virxe do Carme de Foz	8ª Xuntanza de Asociacións para compartir experiencias e cultura
12.292	Asociación de Magos Afeccionados da Mariña	O mes encantado da mariña con Maxia
12.311	ACR Fervenza de Sargadelos	Romaría de Sargadelos
12.315	Colectivo Cultural Buril	Programa actividades 2015
12.596	A.C. Gastronómica e Deportiva San Salvador	Día do galego con distintas actividades culturais
9.889	A.C. Escola de Baile e Gaitas O Castro	Concerto festival do Castro
9.938	A.C. Escola de Baile e Gaitas O Castro	Aluguer de material de música para xornada de formación e difusión da cultura e música popular galega 2015
10.462	Asoc. Cult. Campo da Feira	Viaxe cultural
10.643	Asociación Sociedade Labrega Campalgo	Actividades culturais de comprensión da historia agraria galega
10.675	Asoc. Juvenil Entre Lusco e Fusco	25 aniversario
10.862	Asociación Cultural A-Lindar	Proxecto: Cas Pastoriza (Xogos tradicionais, cinema e lectura)
10.891	ANPA APA Colegio Público de Cervo	Espectáculo A Tropa de Trapo
11.019	AAVV San Mateo de Vidal	Producción revista



11.068	Asc. Proxectos Globais de Inserción e Integración socio Laborais Alar Galicia	Congreso de Cultura, Tradición e Modernidade
11.080	Círculo Recreativo e Cultural de Chantada	Actividades Culturais
11.231	Asoc. Mujeres Entretejidas	Obradoiros culturais “Entretejidas”
11.235	Asoc. Mujeres Entretejidas	Recital poético musical Luas Feridas
11.506	Asociación Xuvenil Tempos Modernos de Cospeito	Actividades culturais 2015
12.234	Asociación Amas de Casa Virxe do Carme de Foz	8ª Xuntanza de Asociacións para compartir experiencias e cultura
12.292	Asociación de Magos Afeccionados da Mariña	O mes encantado da mariña con Maxia
12.311	ACR Fervenza de Sargadelos	Romaría de Sargadelos
12.315	Colectivo Cultural Buril	Programa actividades 2015
12.596	A.C. Gastronómica e Deportiva San Salvador	Día do galego con distintas actividades culturais

15.- PROPOSTA DE DECLARACIÓN DA PERDA DO DEREITO AO COBRAMENTO TOTAL DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS NA ANUALIDADE 2017.

Logo de ver os informes emitidos pola Área de Deportes e por Intervención, así como a proposta do Sr. Deputado Delegado de Deportes, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Declarar a perda do dereito ao cobramento total das subvencións concedidas mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excm. Deputación Provincial, de data 29 de decembro de 2017, polo que se resolve o concurso de subvencións destinadas a actividades deportivas realizadas por entidades deportivas, ano 2017, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm. 184 do venres 11 de agosto de 2017, das asociacións que se detallan na táboa, polos importes sinalados:

2º.- Notificar este acordo aos beneficiarios indicándolles que contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa, pódense interpoñer os recursos que se estimen procedentes.

NOME ENTIDADE	NOME ACTIVIDADE	SUBVENCIÓN
CLUB DEPORTIVO BROLLÓN	FÚTBOL	1.810,00
CLUB DEPORTIVO CLUB GOLDANCE	BAILE DEPORTIVO	846,00
ATLETISMO RIA DE FOZ (EN CONSTITUCIÓN)	CARREIRA POPULAR DE FOZ: RUN FOZ FUN	700,00

16.- PROPOSTA DE CORRECCIÓN DE ERROS DAS BASES PARA A PROVISIÓN DE POSTOS DE TRABAJO DE PERSOAL LABORAL DESTA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL, APROBADAS POR ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DO 19 DE OUTUBRO DE 2018.

Detectado erro material na proposta presentada para aprobación pola Xunta de Goberno con data 19 de outubro de 2018, relativa á aprobación das Bases para a provisión de postos de traballo de persoal laboral desta Excma. Deputación Provincial; de conformidade co disposto no art. 109.2 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado de Goberno Interior, Asuntos Xerais e Formación, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda a rectificación do citado erro no seguinte xeito:

Onde di:

“(…)

4.5 Acreditación de méritos

4.4.1 Criterios xerais

(…)

4.4.2 Forma de acreditarlos

(…)

B) Acreditación da condición de persoal pertencente ao cadro de persoal fixo, grao persoal consolidado, postos ocupados con carácter definitivo, avaliación do desempeño e antigüidade.

(…)

e) As cualificacións outorgadas nas tres últimas avaliacións do desempeño, indicando o posto de traballo que ocupaba o aspirante e a súa adscrición.

f) A antigüidade do empregado incluíndo os recoñecidos ao abeiro do disposto na Lei 70/1978, do 26 de decembro, de recoñecemento de servizos propios na Administración Pública.

4.4.2 Corrección de deficiencias formais na solicitude.

(...)"

Debe dicir:

“(...)

4.5 Acreditación de méritos

4.5.1 Criterios xerais

(...)

4.5.2 Forma de acreditarlos

(...)

B) Acreditación da condición de persoal pertencente ao cadro de persoal fixo, grao persoal consolidado, postos ocupados con carácter definitivo, avaliación do desempeño e antigüidade.

(...)

d) As cualificacións outorgadas nas tres últimas avaliacións do desempeño, indicando o posto de traballo que ocupaba o aspirante e a súa adscrición.

e) A antigüidade do empregado incluíndo os recoñecidos ao abeiro do disposto na Lei 70/1978, do 26 de decembro, de recoñecemento de servizos propios na Administración Pública.

(...)

4.6 Corrección de deficiencias formais na solicitude.

(...)"

17.- PROPOSTA DE CORRECCIÓN DE ERROS DAS BASES PARA A PROVISIÓN DE POSTOS DE TRABAJO DE PERSOAL FUNCIONARIO DESTA

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL, APROBADAS POR ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DO 19 DE OUTUBRO DE 2018.

Detectado erro material na proposta presentada para aprobación pola Xunta de Goberno con data 19 de outubro de 2018, relativa á aprobación das Bases para a provisión de postos de traballo de persoal funcionario desta Excma. Deputación Provincial; de conformidade co disposto no art. 109.2 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e logo de ver a proposta do Sr, Deputado Delegado de Goberno Interior, Asuntos Xerais e Formación, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda a rectificación do citado erro no seguinte xeito:

Onde di:

“(…)

4.5 Acreditación de méritos.

4.4.1 Criterios xerais

(…)

4.4.2 Forma de acreditarlos

(…)

B) Acreditación da condición de funcionario/a de carreira, grao persoal consolidado, postos ocupados con carácter definitivo, avaliación do desempeño e antigüidade.

(…)

e) as cualificacións outorgadas nas tres últimas avaliacións do desempeño, indicando o posto de traballo que ocupaba o aspirante e a súa adscripción.

f) a antigüidade do funcionario incluíndo os recoñecidos ao abeiro do disposto na lei 70/1978, do 26 de decembro, de recoñecemento de servizos propios na administración pública.

4.4.2 Corrección de deficiencias formais na solicitude.

(...)”.

Debe dicir:

“(...

4.5 Acreditación de méritos

4.5.1 Criterios xerais

(...)

4.5.2 Forma de acreditarlos

(...).

B) Acreditación da condición de funcionario/a de carreira, grao persoal consolidado, postos ocupados con carácter definitivo, avaliación do desempeño e antigüidade.

(...)

d) as cualificacións outorgadas nas tres últimas avaliacións do desempeño, indicando o posto de traballo que ocupaba o aspirante e a súa adscrición.

e) a antigüidade do funcionario incluíndo os recoñecidos ao abeiro do disposto na lei 70/1978, do 26 de decembro, de recoñecemento de servizos propios na administración pública.

(...)

4.6 Corrección de deficiencias formais na solicitude.

(...)”.

18.- PROPOSTA DE XUBILACIÓN FORZOSA, POR CUMPRIMENTO DA IDADE LEGAL ESTABLECIDA, DUNHA FUNCIONARIA PROVINCIAL.

Logo de ver que Dona Adela Sarandeses Rivas, Administrativa de Administración Xeral do Cadro de Persoal Funcionario desta Deputación Provincial, cumpre 65 anos o día 29 de novembro de 2018.

Tendo en conta que Dona Adela Sarandeses Rivas terá recoñecidos 43 anos, 9 meses e 28 días o día 29 de novembro de 2018, data previsible de xubilación forzosa e que se acredita un período de cotización á Seguridade Social superior aos 36 anos e 6 meses e que a citada funcionaria non solicitou inicialmente a prolongación de permanencia no servizo activo.

Polo anteriormente exposto, tendo en conta os informes dos Servizos desta Deputación, así como a proposta do Sr. Deputado Delegado de Goberno Interior, Asuntos Xerais e Formación, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

Declarar a xubilación forzosa, por cumprimento da idade legalmente establecida, da funcionaria provincial, Dona Adela Sarandeses Rivas, con efectividade do día 29 de novembro de 2018 último día que presta servizos a esta Entidade.

19.- PROPOSTA DE XUBILACIÓN FORZOSA, POR CUMPRIMENTO DA IDADE LEGAL ESTABLECIDA, DUN FUNCIONARIO PROVINCIAL.

Logo de ver que D. Joaquín Ángel Sánchez Costa, Administrativo de Administración Xeral do Cadro de Persoal Funcionario desta Deputación Provincial, cumpre 65 anos o día 21 de novembro de 2018.

Tendo en conta que D. Joaquín Ángel Sánchez Costa terá recoñecidos 43 anos, 7 meses e 20 días o día 21 de novembro de 2018, data previsible de xubilación forzosa e que se acredita un período de cotización á Seguridade Social superior aos 36 anos e 6 meses e que o citado funcionario non solicitou inicialmente a prolongación de permanencia no servizo activo.

Polo anteriormente exposto, tendo en conta os informes dos Servizos desta Deputación, así como a proposta do Sr. Deputado Delegado de Goberno Interior, Asuntos Xerais e Formación, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

Declarar a xubilación forzosa, por cumprimento da idade legalmente establecida, do funcionario provincial, D. Joaquín Ángel Sánchez Costa, con efectividade do día 21 de novembro de 2018, último día que presta servizos a esta Entidade.

20.- COMPARECENCIA NO PROCEDEMENTO ORDINARIO Nº 1022/2017.

Logo de ver o escrito remitido polo Xulgado do Social nº 2 de Lugo, relativo ao Procedemento Ordinario 1022/2017 seguido a instancia de D. Miguel Ángel Crende López, fronte a esta Excm. Deputación Provincial en materia de recoñecemento de dereito; vista así mesmo a proposta da Asesoría Xurídica desta Deputación, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- A comparecencia desta Entidade no procedemento referenciado.

2º.- A remisión, no seu caso, do expediente administrativo pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento, de ser preciso, de todos os que aparezan como interesados no procedemento.

21.- COMPARECENCIA NAS DILIXENCIAS PREVIAS PROCEDEMENTO ABREVIADO Nº 946/2018.

Logo de ver a cédula de citación do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo, en relación co Procedemento: Dilixencias Previas Procedemento: Dilixencias Previas Procedemento Abreviado 946/2018 na que se cita a esta Entidade para que compareza como prexudicada no dito Procedemento o vindeiro 26 de novembro de 2018 as 10:00 horas; vista así mesmo a proposta da Asesoría Xurídica desta Deputación, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- A comparecencia desta Entidade no procedemento referenciado como parte prexudicada.

2º.- Que polos Servizos que correspondan se faga a correspondente valoración de danos, tal e como require o Xulgado de Instrución nº 2 de Lugo.

22.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Primeiro.- Dáse conta da Sentenza nº 172/2018 de 16 de agosto, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo no recurso contencioso administrativo nº 276/2017-A, interposto Vilalbesa de Gasóleos, S.L., fronte á desestimación presunta da reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por danos no vehículo a consecuencia dun accidente de circulación na LU-P-101 (de Feira de Gontán (LU-171) a Ferreira Valadouro, P.K. 6,5, debido á existencia dunha rama na calzada; e en cuxa parte dispositiva di o seguinte: *“Estimo parcialmente el recurso contencioso administrativo interpuesto por Villalbesa de Gasóleos, S.L., frente a la desestimación silenciosa de la reclamación patrimonial presentada ante la Diputación de Lugo con nº de expediente 33/16 que se reputa disconforme a Derecho y por ello se revoca.*

Se declara expresamente la responsabilidad patrimonial de la Diputación de Lugo, y su condena al abono a la actora, en concepto de daños y perjuicios causados, de la suma de 586,27 euros, incrementada en sus intereses legales devengados desde la reclamación administrativa”.

A Xunta de Goberno queda enterada, acordándose por unanimidade dar cumprimento á citada Sentenza; e vista a proposta da Asesoría Xurídica, proceder ao ingreso da cantidade de 300€ en concepto de franquicia, na conta do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo.

Segundo.- Dáse conta do Decreto de 31 de xullo de 2018 do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo ditado no Procedemento: Peza de Tasación de Custas 30/2018 1 C, no que se acorda aprobar a taxación de custas practicada no Procedemento Abreviado 30/2018 por importe de 400 euros, a cuxo pago foi condenada esta Excma. Deputación Provincial; e en cuxa

parte dispositiva di o seguinte: *“Aprobar la tasación de costas practicada en este recurso con fecha 11/06/2018 por importe de 400,00 euros, a cuyo pago ha sido condenada la parte demandada Diputación Provincial de Lugo”.*

A Xunta de Goberno queda enterada, acordándose por unanimidade dar cumprimento á citada Sentenza; e vista a proposta da Asesoría Xurídica, proceder ao ingreso da cantidade de 400 euros en concepto de custas na conta do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo.

ASUNTOS DE URXENCIA

Fóra da Orde do Día, e previa declaración de urxencia acordada por unanimidade, adoptouse o seguinte acordo:

Interposición de recurso contencioso administrativo fronte a resolución de Confederación Hidrográfica Miño-Sil.

Logo de ver a resolución da Confederación Hidrográfica Miño-Sil de data 31 de agosto de 2018, pola que se desestima o recurso de reposición interposto por esta Entidade fronte á Confederación Hidrográfica Miño-Sil; a Xunta de Goberno, tendo en conta o informe da Secretaría Xeral e a proposta do Xefe da Unidade de Apoio, Coordinación e Xestión Territorial, coa conformidade do Sr. Deputado Delegado da Área de Xestión Territorial, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda a interposición por esta Deputación Provincial de recurso contencioso administrativo fronte a resolución da Confederación Hidrográfica Miño-Sil.

23.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as doce horas e cinco minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.